



https://printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Tratamento farmacolóxico

Versión de 2016

6. Ciclofosfamida

6.1 Descrición

A ciclofosfamida é un medicamento inmunodepresor que reduce a inflamación e reduce a actividade do sistema inmunitario. Funciona interferindo coa multiplicación das células, alterando a síntese de ADN, polo que é particularmente activo en células como as do sangue, as do cabelo, as do revestimento do intestino, e que se dividen de forma moi activa (as células necesitan fabricar ADN novo para reproducirse). Os leucocitos, coñecidos como linfocitos, son os máis afectados pola ciclofosfamida e o seu cambio na función e no número explica a supresión na actividade da resposta inmunitaria. A ciclofosfamida introduciuse no tratamento para certas formas de cancro. Nas enfermidades reumáticas, nas que se usa de forma intermitente, ten menos efectos secundarios que nos pacientes con cancro.

6.2 Dose/formas de administración

A ciclofosfamida adminístrase por vía oral (entre 1 e 2 mg por kg por día) ou, máis frecuentemente, por vía intravenosa (normalmente mediante pulsos mensuais de entre 0,5 e 1,0 g por metro cadrado durante 6 meses e, a continuación, 2 pulsos cada 3 meses ou, alternativamente, pulsos de 500 mg por metro cadrado cada 2 semanas durante un total de 6 perfusións).

6.3 Efectos secundarios

A ciclofosfamida é un fármaco que reduce de forma considerable a

actividade do sistema inmunitario e ten diversos efectos secundarios que necesitan monitoraxe estreita de laboratorio. O máis frecuente son as náuseas e os vómitos. Tamén se produce aclareamento reversible do cabelo.

Pode producirse a redución excesiva no número de glóbulos brancos ou plaquetas circulantes, e poden necesitarse axustes da dose ou suspensións temporais do fármaco.

Pode producirse alteracións da vexiga (sangue nos ouriños) pero son moito menos frecuentes no tratamento diario por vía oral que nas inxeccións mensuais intravenosas. Beber auga abundante axuda a evitar este problema. Tras a inxección intravenosa, adoitan administrarse grandes volumes de líquidos para eliminar a ciclofosfamida do organismo. Os tratamentos prolongados provocan o risco de alteración da fertilidade e aumento da frecuencia de cancro. O risco destas complicacións depende da dose acumulada do fármaco que o paciente tomou durante anos.

A ciclofosfamida diminúe as defensas do sistema inmunitario, incrementando así o risco de infeccións, especialmente se se administra en asociación con outros fármacos que interfieren coa actividade do sistema inmunitario como doses altas de corticoesteroides.

6.4 Indicacións para as principais enfermidades reumáticas pediátricas

Lupus eritematoso sistémico xuvenil.

Algunhas vasculites sistémicas.